A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 7 de agosto de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8.29232.- REPARTO DE AXUDAS A CONFRARÍAS DE PESCADORES FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2020 (Expte.nº2020004135)

Examinadas as solicitudes de axuda a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras, formuladas ao abeiro das bases reguladoras, aprobadas pola Xunta de Goberno do 21 de febreiro de 2020, número de acordo 7.28673, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€) e publicadas no BOPPO número 62 do 31/03/2020.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 24/07/2020, de Intervención do 29/07/2019, e a restante documentación que figura no expediente.

Considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2020, por importe total douscentos trinta e nove mil setecentos oitenta e nove euros con noventa e catro céntimos (239.789,94 €) con cargo a aplicación 20/410.4150.789.02 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV nº6ZN67V8DMJGQI8WM que se aproba no presente acto.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*
Por delegación a Xefa do Servizo de Medio Ambiente
Segundo R.P. nº 2016001033/data 25.01.2016.

Firmado por: ROBERTO VÁZQUEZ CORES - 35450963M
Cargo:
Data: 12/08/2020 13:37

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.
Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**INTERESADOS**



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:P9PSMJ2SVITQ3S3O

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):AUZ717KZNWVPWMRC